

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**9768** *Lei orgánica 10/2015, do 10 de setembro, pola que se regula o acceso e a publicidade de determinada información contida nas sentenzas ditadas en materia de fraude fiscal.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### PREÁMBULO

A Constitución española dispón no seu preámbulo a vontade da Nación de establecer unha sociedade democrática avanzada. O principio de publicidade das actuacións públicas forma parte dos principios que deben rexer a actuación de todos os poderes públicos para facer efectivo ese obxectivo.

O principio de publicidade das actuacións xudiciais e das sentenzas ditadas polos tribunais encóntrase consagrado no artigo 120 da Constitución española. Trátase dun principio que conecta co de transparencia xudicial e de control público do proceso, concibidos como garantías fundamentais deste. Así, a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, no seu artigo 232, recolle o principio xeral de publicidade das actuacións xudiciais e o artigo 235 bis establece, respecto das sentenzas, o acceso ao seu texto e fixa unha serie de limitacións. Así mesmo, o seu artigo 260 realiza unha referencia expresa á posibilidade de que, por lei, se estableza a preceptiva publicidade das sentenzas xudiciais.

Os límites ao acceso foron analizados pola doutrina do Tribunal Constitucional e a do Tribunal Supremo, que viñeron matizando o principio de publicidade no caso das sentenzas xudiciais. Así, o Tribunal Constitucional considerou que a divulgación de datos persoais contidos nas sentenzas xudiciais, especialmente no ámbito penal, pode constituír unha intromisión ilexítima no dereito á intimidade. Do mesmo modo, o Tribunal Supremo limitou o principio xeral de publicidade do proceso no caso da sentenza, por entender que existen outros dereitos, como o dereito á honra ou á intimidade, que poden colidir con este principio.

Todos estes dereitos, aínda que consagrados constitucionalmente, non son absolutos, senón que son de configuración legal e, como tal, o lexislador pode introducir excepcións e límites por razóns de interese público e, especialmente, cando coliden con outros valores tamén recollidos na Constitución, límites que deben responder en todo caso aos principios que informan o dereito á protección de datos de carácter persoal contidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e, moi especialmente, o principio de proporcionalidade, o de exactitude e o de conservación dos datos, tal e como sinalou a Axencia Española de Protección de Datos.

En definitiva, á hora de configurar legalmente o alcance que debe ter o acceso aos datos contidos nas sentenzas xudiciais, cómpre ponderar adecuadamente os distintos intereses que se pretenden salvagardar. De feito, en moitos países da nosa contorna, así como noutros supostos de dereito comparado, obsérvase que a publicidade da sentenza alcanza por regra xeral mesmo os datos persoais das partes, dado que se considera que o seu acceso se encontra protexido polo principio de publicidade procesual, e efectúanse determinadas cautelas só en canto ao seu posterior tratamento a través de bases de datos automatizadas de xurisprudencia. Tanto é así que no ámbito europeo mesmo a cita de

xurisprudencia se fai por referencia ás partes intervenientes nel, sexan persoas físicas ou xurídicas.

No caso concreto dos delitos relacionados coa defraudación fiscal, fronte ao interese do condenado álzase o interese público. Débese ter en conta que o ben xurídico protexido nestes casos foi elevado a rango constitucional no artigo 31 da Constitución española, o que resulta relevante á hora de realizar esa ponderación neste ámbito, pois non cabe esquecer que o deber constitucional de contribuir ao sostemento dos gastos públicos ten como reverso o dereito do conxunto da sociedade a exixir o cumprimento das obrigacións tributarias, así como ao control da actividade de todos os poderes públicos dirixida á loita contra a fraude fiscal, concreción neste ámbito do principio xeral de transparencia que debe informar a actividade pública e, moi especialmente, a actuación xudicial.

A modificación que se fai nesta lei orgánica cohónéstase coa da Lei de modificación parcial da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que regula a posibilidade de publicar a identidade daqueles que causan un maior prexuízo económico á Facenda pública e, por tanto, a toda a sociedade, e introduce importantes excepcións ao principio xeral de reserva tributaria establecido no seu artigo 95 bis, excepción que se fai precisamente á luz de tales principios. Pois ben, en conexión con tal modificación, e como complemento indisoluble dela, artículase a que agora se introduce con este texto, xa que resultaría incoherente que se publicase a identidade daqueles que por uns ou por outros motivos deixaron de aboar as súas obrigacións tributarias e, porén, quedase oculta precisamente a dos grandes defraudadores, condenados en sentenza firme por delitos desta natureza.

Non obstante, as actuacións tributarias e as actuacións xudiciais réxense por principios distintos. As primeiras, pola confidencialidade, salvo as excepcións que se determinen por lei; as segundas, as xudiciais, pola publicidade, salvo as excepcións previstas na Lei orgánica do poder xudicial. De maneira que, a diferenza do que sucede no ámbito tributario, a regulación do acceso á información contida nas sentenzas se debe facer mediante lei orgánica.

Por outro lado, débese destacar igualmente que as condenas impostas pola comisión de delitos relacionados coa defraudación fiscal teñen unha importante relevancia fóra do proceso, pois distintas normas establecen consecuencias a tales condenas en materia de contratación pública, subvencións e axudas públicas ou de intervención e disciplina de entidades financeiras, cuxa aplicación só resulta efectiva se se efectúa unha publicidade destas, aínda que sexa parcial.

A publicidade das sancións, tanto administrativas como penais, incorporouse ao noso ordenamento xurídico en distintos ámbitos respecto dos cales se predica unha especial protección. Así sucede no sector financeiro, en materia de prevención de riscos laborais e, recentemente, respecto das sancións cometidas polos altos cargos, onde se observou a eficacia deste tipo de medidas en relación coa finalidade perseguida.

Á vista de todo o anterior, a presente lei pondera adecuadamente os dereitos do condenado e do resto de participantes no proceso á intimidade e á protección dos seus datos, de acordo coa xurisprudencia dos nosos tribunais e do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, pois o acceso límitase aos datos do condenado ou do responsable civil e non do resto de suxeitos e só respecto das sentenzas firmes.

A lei consta dun único artigo modificativo da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, unha disposición transitoria única e tres disposicións derradeiras.

No artigo único introdúcese, mediante esta lei orgánica, un novo artigo 235 ter na Lei orgánica do poder xudicial, cuxo primeiro número recoñece o carácter público do acceso ao ditame das sentenzas condenatorias firmes en materias especialmente relevantes para o control fiscal: delitos contra a Facenda pública, delitos de insolvencia punible, cando o acredor sexa o erario público ou, finalmente, os delitos de contrabando. Nestes supostos permite o acceso público a determinados datos persoais do condenado ou do responsable civil.

No número segundo desenvólvese a anterior previsión, establecendo que o acceso público se efectuará mediante a publicación dun extracto do ditame condenatorio que conteña unicamente os datos que permitan a identificación do proceso, do condenado e

do responsable civil, o delito polo que foi condenado, así como a pena e a contía da responsabilidade civil imposta. Deste modo quedan plenamente salvagardados os dereitos á protección de datos doutras persoas que poderían ter participado no proceso, pero que non resulten afectadas pola condena, e limitase o ámbito da publicidade a aquilo que é estritamente necesario para cumprir coa finalidade perseguida. O extracto e a publicidade efectuarao o secretario xudicial, quen, de conformidade co sinalado nos artigos 452 e seguintes da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, asume en exclusiva a función de fe pública xudicial e igualmente asumiu importantes funcións en materia de execución das sentenzas nos termos establecidos polas leis procesuais.

A publicidade efectuarase a través do «Boletín Oficial del Estado», polo que os datos gozarán da garantía adicional que supón a aplicación da súa normativa específica, e impedirse un tratamento indebido destes grazas á desindexación dos datos.

Por outra parte, para lograr que esta poida ser efectiva nun prazo razoable, inclúese unha disposición transitoria única que permita a aplicación da norma a todas as sentenzas que se diten a partir da súa entrada en vigor. Introdúcese así unha retroactividade media que resulta admisible dado o carácter procesual e non sancionador da medida, e isto de conformidade coa doutrina constitucional relativa ao alcance da retroactividade en relación coas normas que regulan o proceso penal.

Deste modo, ben que se discutiu o posible carácter sancionador da publicidade da condena penal, nalgunha ocasión sinalouse que a publicidade supón unha pena adicional, non é ese o tratamento que lle deron a lexislación e a xurisprudencia. É indubidable que determinadas medidas procesuais poden ter unha connotación negativa para o acusado ou condenado; así, o carácter público do xuízo oral constitúe en ocasións unha carga adicional para o acusado, que se ve obrigado a soportar a denominada pena de banco, pero esa carga non outorga por si mesma natureza sancionadora ás normas que regulan a necesaria presenza do acusado no xuízo oral e o seu carácter público, senón que se consideran cargas procesuais derivadas da aplicación dos principios e garantías procesuais.

Noutros supostos, o Código penal estableceu que a condena en virtude de determinados delitos sexa obxecto de publicidade. Pese á súa regulación na dita norma, o propio Código penal configura estes supostos como parte do concepto de reparación do dano causado e, por tanto, nega nestes casos a súa natureza sancionadora; neste sentido pódese citar o artigo 216 relativo ao delito de injurias e calumnias. En tales casos, o lexislador ponderou a existencia doutros intereses en conflito, como a necesidade de reparar por completo o ben xurídico protexido en cada caso, autorizando para estes supostos a publicidade do ditame e isto sen necesidade de configuralo como parte da sanción, senón como parte da responsabilidade civil, por ser tal a súa natureza en tales casos.

No suposto dos delitos relacionados coa fraude fiscal, existen diversas razóns de interese público que fundamentan a reforma que se pretende impulsar, tal e como se sinalou anteriormente. A finalidade perseguida é reforzar neste ámbito concreto os principios de publicidade xudicial, transparencia e eficacia das actividades públicas antes sinalados, que por estaren consagrados constitucionalmente e seren garantes da consecución dos intereses xerais, deben prevalecer neste caso sobre os dereitos individuais á intimidade ou á protección de datos. Non cabe esquecer que no ámbito da defraudación fiscal o ben xurídico protexido é en si mesmo un ben público, o que reforza a relevancia tamén pública dos delitos cometidos neste concreto ámbito fronte a outros. En todo caso, na reforma legal proposta introdúcense as garantías necesarias para a adecuada proporcionalidade da medida, dotando así da debida coherencia o novo modelo de publicidade dos datos tributarios previsto no artigo 95 bis da Lei 58/2003, do 17 de novembro, xeral tributaria, cuxa natureza en ningún caso se pode considerar sancionadora.

Tal e como sinalou o Consello Xeral do Poder Xudicial no seu Informe 167/2015, «(...) pódese dicir que a regulación proxectada serve a un interese xeral, xa que con ela se pretenden alcanzar determinados obxectivos de eficacia administrativa e xudicial e de máxima transparencia, na medida en que non se proxecta sobre toda condena penal,

senón sobre aquelas referidas á fraude fiscal, así como as derivadas dos delitos de alzamento de bens, insolvencia punible e contrabando que teñen como suxeito prexudicado a Facenda pública, é dicir, delitos que teñen unha incidencia clara e manifesta no cumprimento do deber constitucional recollido no artigo 31.1 CE».

Para lograr un tratamento uniforme das situacións previstas na normativa tributaria e conforme as recomendacións efectuadas polo Consello Xeral do Poder Xudicial no mesmo informe, introdúcese ademais unha excepción á publicidade do acceso, nos casos en que se satisfíxese con anterioridade á firmeza da sentenza a totalidade da contía correspondente ao prexuízo causado á Facenda pública por todos os conceptos.

A través da correspondente disposición derradeira primeira, incorpórase a declaración como lei ordinaria dunha nova disposición adicional cuarta na Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, a través da cal se establecen normas de procedemento no ámbito da práctica de liquidación da débeda alfanegueira e tributaria, de adopción de medidas cautelares e de investigación patrimonial.

Finalmente, inclúese unha disposición derogatoria, mentres que as restantes disposicións derradeiras aluden ao título competencial en virtude do cal se dita esta lei orgánica, e á súa entrada en vigor, respectivamente.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Engádesse un novo artigo 235 ter na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, coa seguinte redacción:

«1. É público o acceso aos datos persoais contidos nos ditames das sentenzas firmes condenatorias, cando se ditasen en virtude dos delitos previstos nos seguintes artigos:

- a) Os artigos 305, 305 bis e 306 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.
- b) Os artigos 257 e 258 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, cando o acreedor defraudado sexa a Facenda pública.
- c) O artigo 2 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, sempre que exista un prexuízo para a Facenda pública estatal ou da Unión Europea.

2. Nos casos previstos no número anterior, o secretario xudicial emitirá un certificado en que se farán constar os seguintes datos:

- a) Os que permitan a identificación do proceso xudicial.
- b) O nome e os apelidos ou denominación social do condenado e, se for o caso, do responsable civil.
- c) O delito polo cal foi condenado.
- d) As penas impostas.
- e) A contía correspondente ao prexuízo causado á Facenda pública por todos os conceptos, segundo o establecido na sentenza.

Mediante dilixencia de ordenación o secretario xudicial ordenará a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

3. O disposto neste artigo non será de aplicación no caso de que o condenado ou, se for o caso, o responsable civil, satisfíxese ou consignase na conta de depósitos e consignacións do órgano xudicial competente a totalidade da contía correspondente ao prexuízo causado á Facenda pública por todos os conceptos, con anterioridade á firmeza da sentenza.»

**Disposición transitoria única.** *Réxime transitorio.*

O disposto nesta lei orgánica será de aplicación ás sentenzas que se diten tras a súa entrada en vigor.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

No momento da entrada en vigor desta lei orgánica quedan derogadas todas as disposicións que se opoñan ao disposto nela.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando.*

Modifícase a disposición derradeira segunda da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición derradeira segunda. *Carácter da lei.*

O artigo 4 do título I, os preceptos contidos no título II, así como os números 2 e 3 da disposición adicional primeira, a disposición adicional cuarta, o número 2 da disposición transitoria única e o número 2 da disposición derradeira primeira da presente lei teñen o carácter de lei ordinaria.»

**Disposición derradeira segunda.** *Título competencial.*

Esta lei orgánica dítase ao abeiro da competencia que, en materia de lexislación procesual, corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución española.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 10 de setembro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY